

Medio Rural

17 millóns de euros para o desenvolvemento rural sostible

O conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, e a ministra de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, Elena Espinosa, asinaron en Madrid o convenio de colaboración entre as entidades que representan para financiar actuacións con cargo ao Programa Piloto de Desenvolvemento Rural Sostible.

Con este convenio, que para Galicia supón un investimento de 17 millóns de euros, financiándose actuacións de mellora dos accesos ás explotacións de vacún e vitivinícolas en diferentes comarcas da Comunidade Autónoma, onde os problemas de infraestrutura xeran un incremento nos custos de explotación das empresas agrarias.

O programa das actuacións cobre os tres eixes principais do desenvolvemento sostible, con enfoques dirixidos a cadanseu pilar básico: ambiental, social e económico. A filosofía do acordo é actuar sobre algún dos problemas ou necesidades máis importantes e urxentes para cada unha das zonas beneficiarias do programa.

O investimento global do Plan Piloto é de 17 millóns de euros, financiados a partes iguais por ambas administracións, que permiten actuacións en mellora dos accesos a explotacións vitivinícolas, e 56 en melloras na mesma materia para explotacións de vacún. Asemade, en catro deles actúase na mellora de ambos tipos de accesos.



Un apicultor traballa extraendo mel dunha colmea.

Recoñecemento

Terras Gauda recibe o premio Investigación 2009

Terras Gauda recolleu o Premio Investigación 2009 da Real Academia Galega de Ciencias polo "Estudio para a mellora da calidade do viño Albariño", desenrolado en colaboración co Instituto de Fermentacións Industriais e a Misión Biolóxica de Galicia, do CSIC. O director técnico de Terras Gauda, Emilio Rodríguez Canas, e os investigadores Carmen Martínez, da Misión Biolóxica de Galicia, e Alfonso Carrascosa, do Instituto de Fermentacións Industriais do CSIC son os autores do proxecto, que é froito dunha investigación de oito anos que permitiu seleccionar 22 cepas autóctonas de Albariño especialmente fértils, produtivas e resistentes a plagas.

O Diario Oficial de Galicia publica a Orde pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2010, co obxecto de fomentar aquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. A contía total destas axudas para o ano 2010 ascende á 353.732 euros. Os beneficiarios destas axudas serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas que estean inscritas no rexistro oficial apícola da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se poderán beneficiar destas

Axudas á apicultura

contías as cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica de seu, integradas na súa maioría por apicultores. A principal finalidade destas axudas é prestar información e asistencia técnica aos apicultores e persoal de centros de envasamento e laboratorios.

*A principal finalidade é prestar información e asistencia técnica aos apicultores*



Medio Rural

Orzamentos para o 2010

O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), presidido polo conselleiro do Medio Rural, Samuel Juárez, deu conformidade na súa xuntanza ao proxecto de presupostos deste organismo para 2010, que ascenden a preto de 44 millóns de euros. Nestes orzamentos incrementáanse os investimentos directos e as subvencións para proxectos de desenvolvemento rural, ao tempo que diminúen os gastos correntes e conxélanse os de persoal, na liña de austeridade e mellora da xestión dos fondos públicos que está a aplicar a Xunta de Galicia.



O conselleiro, Samuel Juárez, durante a xuntanza.

Opinión

José Manuel Fernández Anguiano

El precio de la leche en origen

La ganadería especializada en la producción de leche tiene una gran importancia económica y social en Galicia, que tiene prácticamente la mitad de la cabaña española de vacuno de leche. Aunque en la provincia de Ourense, en la actualidad, la producción láctea apenas tiene incidencia en la producción final agraria, por su trascendencia en la gallega, vamos a comentar la situación de este sector que está atravesando una grave crisis, hasta el punto de provocar protestas y manifestaciones de los ganaderos afectados.

Desde el año 2007 en que las centrales de recogida pagaban a los ganaderos gallegos una media de 50 céntimos de euros por litro de leche, este precio ha ido descendiendo hasta los actuales 27 céntimos y, en algunos casos, incluso menos. Como con este precio se pierden, al menos, 6 céntimos en litro producido, se había llegado a un acuerdo de pagar no menos de 31 céntimos, pero este acuerdo, que no es vinculante, no se respeta.

Las manifestaciones y protestas del sector, que se ve abandonado por las Administraciones, se deben al inminente umbral de ruina si no se arregla esta situación. Al parecer las industrias pueden adquirir leche de importación a bajos precios, principalmente de Francia, donde los productores perciben 60 céntimos por litro de leche entregada, pero que llega a España a precios con los que nuestros ganaderos no pueden competir.

La legislación de la UE no permite aplicar a las importaciones de países asociados, un "preveleman" o arancel para igualar los precios en frontera. Quizás una posible solución, además de ordenar, modernizar y reglamentar mejor el sector, puede ser aplicar las mismas medidas que en Francia, fijando un precio mínimo a los productores y compensando a las industrias con los incentivos que la reglamentación comunitaria puede permitir, mediante la oportuna negociación.

**FORESGA**  
 Forestación Galicia, S.A.  
 OBRAS Y SERVICIOS FORESTALES  
 C/. Pablo Picasso, 8 - Teléfono 988 25 53 52 - 32002 OURENSE